

MARY E A FLOR DA BRUXA

[Hiromasa Yonebayashi, 2017]

433

ESTREA EN NUMAX: 07.09.2018 | V.O.S.E. | TP

Meari to majo no hana (2017, 103')

Dirección: Hiromasa Yonebayashi

Guión: Riko Sakaguchi (Historia: Mary Stewart)

Montaxe: Toshihiko Kojima

Dirección de arte: Tomoya Imai, Tomotaka Kubo

Música: Takatsugu Muramatsu

Fotografía: Takatsugu Muramatsu

Produtoras: Studio Ponoc, Tamborine Sound Studios (Xapón)

Distribuidora: Selecta Visión

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Annie 2017 (Nomeado ao mellor guión e deseño de produción)

FILMOGRAFÍA

O recordo de Marnie, 2014

Arrietty y el mundo de los diminutos, 2010

The Theory of Evolution, 2009 [curtametraxe]


SINOPSE

Un día, mentres pasa as vacacións de verán coa súa tía avoa, Mary segue uns gatos cara a un bosque próximo, onde atopa unhas flores cun estraño poder luminiscente. Estas acaban dando vida a unha vasoira que leva a Mary voando por riba das nubes até a escola de maxia coñecida como Endor College. A directora Madame Mumblehook asume que Mary é unha nova estudante e condúcea até o campus onde acaba demostrando unhas sorprendentes e prometedoras habilidades máxicas.



«Unha perfecta continuación do traballo de Yonebaysahi no Studio Ghibli»

Tasha Robinson, THE VERGE



Nota de intención do director

Hiromasa Yonebayashi

Cando Studio Ghibli pechou o seu departamento de produción, marchei con parte do equipo. Foi un momento triste e frustrante para alguén que adoraba Ghibli xa que, tras rematar *O recordo de Marnie*, só tiña unha cousa na testa: «Mentres teña a oportunidade, quero seguir facendo películas de animación».

Pero a partir de aí xa nada era seguro. Tendo traballado só ao abeiro de Ghibli, podería volver empezar de cero e atopar o xeito de crear un filme completo? Sen persoal nin estudio de produción, sería quen de recadar fondos para a produción? Mais a pesar de todas as miñas inseguridades tiña que seguir na animación, porque sabía que ese era o meu traballo. Tanto seguidores das producións Ghibli como os maiores talentos da animación xaponesa uníronse para traballar neste novo filme e fundamos unha nova produtora chamada Studio Ponoc. Eu pasei case vinte anos en Ghibli traballando canda os directores Isao Takahata e Hayao Miyazaki. As habilidades e a mentalidade que acadei mentres estiven alí son os meus tesouros. Agora, con estes tesouros no meu corazón, dediquei todos os meus esforzos en crear este novo filme canda o meu equipo.

Puxemos todo o noso empeño en facer *Mary e a flor da bruxa*, unha experiencia chea de emoción e marabilla que entreteña o público. Esta é unha historia sobre nenos que han vivir os tempos

futuros. É unha historia que trata da vida nun mundo onde a maxia do século XX perdeu o seu poder. Agardo que esteades atentas á estrea do noso filme.

Publicado en selecta-vision.com

“A flor é o noso lume de Prometeo”

Entrevista con Hiromasa Yonebayashi (director) e Yoshiaki Nishimura (produtor)

Por Zac Bertschy

Que vos levou a adaptar *La pequeña escoba de palo* ao cinema de animación?

Yoshiaki Nishimura (YN): Houbo tres razóns. Primeiro, logo de deixarmos o Studio Ghibli e fundar Studio Ponoc queriamos comezar cunha protagonista enérxica e unha ambientación fantástica. O último filme de Yonebayashi como director en Ghibli, *O recordo de Marnie*, era pausado, trataba os pensamentos e emocións internas dunha moza. Mais a especialidade do cineasta é realmente a acción máis dinámica, que aprende ás ordes de Hayao Miyazaki e desenvolveu co seu talento persoal. Púxenme a ler unha chea de literatura fantástica para adolescentes e case que todos os protagonistas empregaban a maxia para resolveren os seus problemas, mais neste libro Mary di: «Vou abrir esta porta pero non usarei a maxia, non importa o tempo que me leve, fareino por

min mesma, sen maxia». Daquela pensei, «esta é a heroína que precisamos para o noso filme». A segunda razón é que precisabamos enfrontarnos a un reto: xa non estabamos ao abeiro máximo de Ghibli e necesitabamos completar un filme por nós mesmos. Por último no texto hai un elemento que nos atraía, que é a flor que achega a maxia aos humanos. Tratámola como unha caste de lume de Prometeo, algo que os humanos non deberan ter pois resulta destrutivo se nos achegamos de máis. Isto describe ben os retos que enfrontamos no presente das nosas vidas.

Que diferenza atopas entre dirixir en Ghibli e no recién fundado Ponoc?

Hiromasa Yonebayashi: *Arrietty y el mundo de los diminutos* (2010) foi o meu primeiro filme. O guión estaba escrito por Miyazaki que supervisou o meu traballo e dalgún xeito eu sentía que estaba a tomar prestadas cousas do meu mestre para o meu propio filme. En *Mary* a historia foi completamente diferente, fixémoslo sen axuda algunha de Ghibli e o filme terma de seu sen necesidade da maxia.

Cales son os obxectivos a longo prazo de Ponoc?

YN: Aprendemos en Ghibli a crear beleza e animación chea de significado tanto para público adulto como infantil. Queremos continuar ese traballo con longametraxes, e tamén algunha que outra curta, que poidan atraer non só aos espectadores nipóns, senón a público de todas as idades en todo o mundo.

Publicado en animenetwork.com
Tradución: Xan Gómez Vías

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!